

Obradoiro de elaboración e difusión de programas de radio en formato *podcasts*

PNO!
PONTE NAS ONDAS!



Trátase dun obradoiro para o alumnado, moi práctico e participativo adicado á elaboración de programas de radio e a creación de podcasts.

Contidos

- Nocións básicas de vocalización e dicción.
- Escritura de textos para ser locutados.
- Análise dun podcast: como se crea, como se grava, como se edita.
- Aprendizaxe das ferramentas de gravación e edición de son.
- Como subir o *podcast* a un audioblog, nube, etc. e como compartilos en Internet.

Obxectivos

- Proporcionarlle ao alumnado seguridade oral para desenvolverse en calquera ámbito da creación e difusión de programas.
- Aprender a gravar con seguridade e proxección, modulando a voz.
- Adquirir os coñecementos básicos para subir os programas producidos á rede para compartilos.
- Potenciar a creación de radios escolares.

Destinatarios

- **5º, 6º de primaria // ESO // BACHARELATO**
- A duración do obradoiro será de 150 minutos aproximadamente para un grupo de 25 alumnos e alumnas.

Condições

O **custe da actividade** para os centros é de 50 euros. Os talleres desenvolveranse dende mediados do presente trimestre até o fin do segundo trimestre. A inscrición será por orde de chegada e darase preferencia a aquelas escolas que teñan radio escolar. Para que o curso sexa efectivo deberá ser impartido nunha aula que teña proxector e cantos máis ordenadores con micrófono sexa posible para que todo poida ser máis práctico.

A inscrición realizarase no correo ondas@pontenasondas.org mandando a ficha debidamente cuberta. Unha vez acordada a data de realización realizarase o ingreso do diñeiro na conta que se indicará por correo electrónico.

Imparte o obradoiro:

Damián Alonso, actor de dobraxe con experiencia en locución, voz corporativa, publicidade, radio, narración. Formador e coordinador.